

Almanaque Agrícola

ano
LXVII

Ano 2019



Monumento Á Festa Do Boi
(Allariz). Ourense.

syngenta®

A mellor elección
funxida
para o seu viñado



A **nova xeración** funxida
sinérxica e **sustentábel** para
controlar o **mildio** da vide

 **Ampexio**®

syngenta®

© 2017 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

®


Índice

Introdución de Novos Produtos en Porriño	4		
Rescatando anacos do noso pasado: A Figueira	10		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "A Malla"	15		
Convocatoria novo certame: "O Ferrador"	26		
As nosas castes de vide: A variedade "Pedral"	28		
Xaneiro	32	Santiago	44
Febreiro	34	Agosto	46
Marzo	36	Setembro	48
Abril	38	Outubro	50
Maio	40	Novembro	52
San Xoán	42	Nadal	54
Guieiro de herbas medicinais	57		
Guía de tratamentos viñedos galegos	60		
Outros males da viña	62		
Consellos para os coidados da viña	64		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	67		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	68		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	70		
Tratamentos das patacas	72		
Tratamentos do millo e outros cereais	74		
O Parque Natural: Do Invernadeiro	75		
Feiras gastronómicas	84		
Catálogo xeral de sementes	91		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	94		
Lendas	108		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	110		
Enderezos dos nosos colaboradores	112		



a nosa fábrica

Introdución de Novos Produtos en Porriño



S Syngenta defínese a si mesma como unha empresa de innovación tecnolóxica dedicando gran cantidade de recursos a conseguir avances científicos que beneficien á poboación. Dentro das innovacións tecnolóxicas hai un apartado ao que a fábrica de **Porriño** contribúe de maneira visible, é no proceso de introdución de novas formulacións para a súa chegada ao mercado.

Hai diversos factores que motivan os cambios na oferta que as empresas presentan aos seus clientes. Concretamente, no campo dos produtos fitosanitarios atópanse os seguintes:



- Os cambios nos mercados, que fan necesario adaptar a oferta ás necesidades dos agricultores.
- As modificacións na lexislación, que permiten ou restrinxen o uso dos produtos aos agricultores.
- Os avances noutros campos relacionados directamente coa aplicación dos fitosanitarios, como é o desenvolvemento de nova maquinaria ou novos materiais nos envases que se utilizan para os fitosanitarios.
- A sempre crecente sensibilidade social respecto dos fitosanitarios e a procura dun futuro mellor en temas ambientais e de saúde pública. Desde **Syngenta** isto conséguese mediante a investigación e desenvolvemento de novas formulacións nas que se empregan principios activos e outros compoñentes que sempre melloran as características químicas.



¿Como contribúe a fábrica de Porriño á introdución de novos produtos no mercado?

Participando activamente no proceso de introdución das novas formulacións desenvolvidas nos centros de investigación de **Syngenta**.

Descrición do proceso de introdución dun produto no mercado:

Os primeiros pasos comezan nos centros de investigación de **Syngenta** (Jealots Hill en UK, Münchwilen en Suíza, Greensborough en USA) onde se inicia o ciclo da vida dos produtos. Esta investigación ten unha duración variable, dependendo do grao de innovación do produto, desde 2-3 anos para casos sinxelos ata máis de 10 anos nos casos en que se desenvolven novas moléculas.

Os produtos iníciase cos ensaios nos laboratorios dos centros de investigación. A continuación comeza a presentación da documentación das novas formulacións a

todos os organismos reguladores que deben dar a súa aprobación. Os tempos de aprobación son moi variables, dependendo do país no que se presente, do grao de innovación do produto....

O seguinte paso, mentres os organismos reguladores estudan o novo produto, é a produción en planta piloto, é dicir faise o escalado dos ensaios previos de laboratorio (1 l, 5 l, ...) a unha escala superior, que poden ser 50-100 l.

Este paso é importante porque será o produto que se utilice para os ensaios de campo nos distintos cultivos onde se queira aplicar o produto.

En paralelo os organismos reguladores reciben información de **Syngenta** e unha vez estea todo presentado e valorado obtense o rexistro que permite a venda e aplicación a uns cultivos determinados e en determinados países. Este é o punto de partida para iniciar as vendas.

¿Cando comeza a intervir a fábrica de Porriño?

Comeza a intervención xa antes de saber en que momento conseguírase o rexistro.




As fábricas interveñen no momento en que se necesite a formulación dos primeiros lotes que van destinados á venda (10.000 l-20.000 l) por tanto na maioría dos casos a produción debe iniciarse inmediatamente despois da consecución do rexistro.

Como as campañas dos fitosanitarios dependen dos cultivos de destino e da climatoloxía, aínda sen saber con total seguridade en que momento estará o produto rexistrado, debemos iniciar o traballo previamente para chegar a tempo para a aplicación da campaña en curso.

Este traballo previo, aínda que pouco visible, é moi importante.

Para realizalo con éxito é necesaria a coordinación de diversos departamentos: centros de investigación, aprovisionamento de materias primas e materiais de envasado, centro de produción, enxeñería de procesos, calidade, seguridade e medioambiente...



No momento en que se prevé a introdución dun novo produto os coordinadores das introducións póñense en contacto coa fábrica de **Porriño** para que podamos avaliar a idoneidade das nosas instalacións e en caso necesario facer algunha modificación ou investimento nas liñas de produción.

Coa información recibida

dos centros de investigación e da planta piloto de Münchwillen realízanse en **Porriño** ensaios a nivel laboratorio, replicando o que serán no futuro as condicións nas instalacións de produción.



Neste paso detéctanse as posibles dificultades no manexo das materias primas e nos pasos de formulación e envasado, así como estúdanse as medidas para implantar para garantir a seguridade dos traballadores, a non afección ao medio ambiente e o cumprimento de toda a lexislación de aplicación.

Algúns exemplos disto son as probas da capacidade de depuración dos efluentes que se xerarán durante a produción, as medidas de protección para evitar a exposición a produtos dos traballadores, o cumprimento da normativa de almacenamento das instalacións de preparación dos materiais (fusión, acondicionamento...), os parámetros máis adecuados para as instalacións de formulación (velocidade de axitación, características da moenda, orde de adición,...).

Por outra banda tamén é necesario poñer a punto todos os métodos de análises necesarias para verificar e asegurar a calidade das formulacións así como os controis de calidade na liña de produción.



En todos estes pasos é fundamental unha correcta planificación porque son moitas actividades para desenvolver en paralelo e manexando a incerteza que supón non saber cando se poderá empezar coas producións para a venda, xa que depende das decisións que tomen os organismos reguladores. Desta forma, no momento en que

se recibiu a aprobación do rexistro, **Syngenta** ten o centro de produción adecuado e a cadea de subministración establecida.

É o momento de empezar coa produción dos primeiros lotes. Normalmente trátase de producións de <10.000 l, que se utilizarán para o lanzamento do produto nos primeiros países nos que se permite a aplicación.

Nese momento a fábrica de **Porriño** dedica todos os recursos necesarios da planta de produción á introdución desa nova formulación. Para os casos máis complexos, persoal de Münchwilen trasládase a **Porriño** para ter maior soporte técnico.

Durante os días en que se fai a introdución en planta é importante facer un seguimento exhaustivo de todos os parámetros, das instalacións e do produto para ver como se comporta no escalado a nivel industrial.

Unha das dificultades máis repetitivas é que as necesidades de venda no lanzamento do novo produto son inferiores ao tamaño típico de lote (<5.000 l) e por tanto hai que adaptar o procedemento estándar do que sería un lote completo (5.000-8.000 l). Por outra banda este pequeno volume non permite unha observación completa do comportamento do produto nunha campaña normal de produción.

O noso procedemento interno marca que a produción dos tres primeiros lotes atópanse baixo supervisión técnica dos departamentos de soporte (Münchwilen, Calidade en POR, HSE). É o volume mínimo necesario para que se poidan observar as operacións e como se comporta o produto. Unha vez superado ese volume e se todo saíu segundo o esperado, o produto considérase introducido exitosamente en **Porriño** e pasa a formar parte do rango dos nosos produtos.

En **Porriño** temos unha media de 3-4 introducións de novas formulacións ao ano. Hai anos que son excepcionalmente bos, como o 2018, con 7 novas formulacións previstas.

Por exemplo en maio de 2018, introduciuse a formulación Minecto Alpha, insecticida e activador das defensas das plantas, para o mercado español cunha produción de 25.000 l. E espérase que se consiga o rexistro noutros países da rexión en próximos anos.

Outros produtos introducidos en 2018 en **Porriño** foron:

- 8.000 l de Vibrance Star Red, produto para protección das sementes
- 24.000 l de Scholar, un fungicida de contacto, de amplo espectro
- 8.000 l de Oxathiapiprolin 50% Millbase, produto que enviamos a outra fábrica de **Syngenta** para completar unha formulación empregada como fungicida
- 24.000 l de Maxim Quattro White, produto para protección de sementes

E no momento en que se escribe este artigo o noso laboratorio está a facer os ensaios para facer o escalado a nivel industrial de Vibrance SB e Vibrance Duo White.

Para que nos podamos facer unha idea do que supón para a fábrica de **Porriño** estas introducións de novos produtos, vexamos algúns números:

Número de distintos produtos no noso rango a fins de 2018: 69

Número de produtos introducidos nos últimos 5 anos: 13

Número de produtos introducidos nos últimos 10 anos: 30

Quere dicir que nos últimos 10 anos renovamos aproximadamente o 50% dos produtos do noso rango.

¿Que relevancia teñen para as nosas producións estas novas formulacións? Se o analizamos desde o punto de vista do volume introducido, é un % moi pequeno. Nun ano o volume correspondente aos novos produtos introducidos oscila entre 50.000 l e 100.000 l, inferior ao 0,001% do total da produción.

Con todo, analizado desde un punto de vista de beneficios para a agricultura, coa aplicación de novas, máis seguras e mellores formulacións, é moi relevante.

Desde a fábrica de **Porriño** queremos seguir contribuíndo durante os próximos anos á modernización dos produtos fitosanitarios, ofrecendo produtos de calidade, innovadores, eficaces, seguros e no momento preciso para os agricultores.





ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

A figueira (*Ficus carica*, L.)

"Antes de entrar en el Arenal del Vado, a mano derecha hay tres montes y en la cima del medio hay dos ganchos, y entre ellos está la higuera famosa; porque en el Grove hay tradición que allí ahorcaron las mujeres al Meco, y yo mandé cortar unas ramas de dicha higuera para llevar a Madrid por bufonada"

Padre Sarmiento, *Viaxe a Galicia*, 1745

Descrición e ecoloxía

Orixinaria probablemente de Asia Menor, é unha especie propia da rexión mediterránea que se cultivou en tempos antigos en Grecia e en Exipto. As variedades cultivadas foron levadas a América e a Extremo Oriente. Está amplamente estendida por toda a Península Ibérica e en Galicia é habitual atopala plantada en hortas e xardíns, case sempre de xeito individual e sobre todo nos lindeiros de cultivo. De forma espontánea crece en rochedos, onde algún paxaro excretase as súas sementes.

A figueira é unha especie dioica, é dicir, flores masculinas e femininas aparecen en árbores distintas. Pertencen á familia das moráceas, árbores ou arbustos de madeira branda, de follas grandes, verdes e brillantes pola face e grises e ásperas polo envés. As súas flores, unisexuadas, están distribuídas pola superficie interna dun receptáculo lobulado aberto nun extremo (ollo); este receptáculo, tras a fecundación, incha e vólvese carnoso, formando unha masa rica en



Figueira da Casa Museo de Rosalía de Castro

materias azucradas. O conxunto é un froito múltiple (sicono): a bévera ou o figo. O denominado froito da figueira é brando, de gusto doce, en cuxo interior, de cor encarnada e branca, se aloxan as que, aparentemente, son sementes pequenas, pero que en realidade son verdadeiros froitos. Aparece cuberto exteriormente por unha pel verdosa, negra ou morada,

segundo as diversas variedades. Moitas partes da planta producen látex, é dicir, cando son cortadas expulsan un líquido esbrancuxado e pegañento, algo cáustico, que polo seu pH pode causar picaduras e irritación na pel. Trátase dunha substancia de refugallo que acumulan moitas plantas nos seus tecidos e que pode resultar pouco apetecible, cando non tóxica, para os herbívoros.

A súa floración ten lugar na primavera e os seus froitos, os figos, maduran a finais do verán. Cando os invernos son suaves, algunhas figueiras producen tamén outra xeración de froitos, son as béveras, que se forman por partenoxénese das inflorescencias apicais que quedaron sen polinizar, permanecendo sobre a árbore durante o inverno e madurando a principios do verán.



Folha da figueira



Froitos da figueira

Trátase dunha especie de crecemento rápido, pero non moi lonxeva, que pode alcanzar un altura de oito a dez metros e un perímetro de tronco que varía entre un e tres metros. Estímase que pode vivir ata 50-60 anos.

Usos

A figueira é unha árbore rústica, e a súa fácil multiplicación convértea nunha froiteira moi apropiada para o cultivo extensivo. Sempre foi considerada como unha árbore que non require coidado ningún unha vez plantada e arraigada, limitándose o home a recoller dela os froitos cando maduran, uns para consumo en fresco e outros para conserva. As únicas figueiras con coidados culturais esmerados, en moitas comarcas, son as beverais, polo interese económico da súa primeira colleita, a de béveras.

Os figos tamén poden consumirse secos, cunha fina capa de fariña ou para facer "pan de figo", que se elabora



tras deixar secar os froitos ao sol durante varios días e facer unha pasta, receita campesiña posiblemente de orixe árabe que tamén é frecuente en Portugal.

O látex das figueiras ten sido empregado para curar as verrugas e, coas infusións das súas follas trátase a tose, axuda a baixar a tensión arterial ou calma as neuralxias e a dor de moas.

Outras curiosidades

- Coas follas da figueira coroábase a Saturno -o deus da agricultura e as colleitas na mitoloxía romana-, pois entre os romanos era unha árbore sacra.
- Teofrasto estivera estudando a figueira comestible, *Ficus carica*, e notou insectos diminutos que entraban ou saían dos figos. Pasarían máis de



O tronco dunha figueira

2.000 anos antes de que os científicos se desen conta que cada especie *ficus* ten as súas propias avespas polinizadoras. Do mesmo xeito, cada especie de avespa de figueira só pode poñer os seus ovos nas flores dos seus figos compañeiros. As especies de *ficus* deben producir figos durante todo o ano, para asegurar que as súas avespas polinizadoras sobrevivan.

- Nalgúns lugares de América do Sur existe a superstición de que ter unha figueira na casa atrae os trasgos, os cales tentan levar ao inferno os nenos non bautizados.
- Os faraóns levaron figos secos ás súas tumbas, para alimentar as súas almas durante a viaxe á outra vida. Crían que a deusa nai *Hathor* emerxería dunha figueira mítica, para darlles a benvida ao ceo.

Árbore senlleira

No Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia figuran dous exemplares: a Figueira do Meco no monte Siradella no concello do Grove e a Figueira da Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón.

Figueira do Meco. A lenda conta que un cura, chamado D. Juan de La Meca, exercía o dereito de pernada coas mulleres que ían casar. Cansos os cidadáns de tanta licenza luxuriosa, decidiron executalo colgándoo da famosa figueira no monte Siradella.

Cando a xustiza buscou un culpable de tal abuso, ao preguntar: “Quen matou o Meco?”, contestaron todos xuntos: “Matámolo todos!”. Sen probas e sen culpables aparentes, o crime quedou sen resolver, quedándolles aos grovenses o alcume de “mecos”. Así é como se transmitiu con pequenas variacións a través da tradición oral.



Figueira do Meco no monte Siradella no concello do Grove (Pontevedra)



A Figueira do Meco atópase no Monte Siradella. Accédese a ela por un sendeiro sinalizado que arranca detrás do Centro de Interpretación. O exemplar, de pequeno porte, nace dunha fenda entre rochas.

Figueira da Casa Museo de Rosalía de Castro. *"Figueiriñas que prantei"*, escribiu Rosalía de Castro no seu poema *"Adios ríos, adios fontes"* do libro *Cantares Gallegos*. A figueira que se conserva nos xardíns da casa museo da poeta en Padrón debe a súa categoría de senlleira á literatura, porque foi en gran parte a poesía a que a rescatou dunha deterioración que foi denunciada no seu día por Filgueira Valverde.



Figueira da Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón (Pontevedra)



A MALLA

Autor: Xosé Lois Ripalda

Historia da Malla en Galicia


O labor de separar a semente da palla era necesario para o uso alimenticio do gran. Esta actividade remóntase ao Paleolítico, e, segundo parece, a forma máis primitiva de mallar consistía en bater o cereal contra a terra, un tableiro ou unha pedra aplanada. En pinturas exipcias hai constancia de que había dúas maneiras de mallar: a primeira facíase cun bastón ou pau longo e a segunda por medio de animais que pasaban varias veces sobre o cereal espaxado na eira de xeito que por luimento segregaba o gran da palla.

Os romanos tiveron coñecemento das dúas modalidades, porén perfeccionaron a segunda usando un aparello semellante á grade para achanzar a terra que arrousaban os animais e ao que lle poñían enriba pedras para exercer máis forza e deste xeito poder degrañar mellor o cereal. Os romanos empregaron este procedemento nos países conquistados, malia que na Gallaecia se pode dicir que apenas se usou.



PARTES DO MALLO

- 1.- Mangueira
- 2.- Pértigo
- 3.- Casulla



ZONAS DE CEREAIS

TRIGO

- 1.- As Mariñas
- 2.- Terra Chá
- 3.- A Coruña
- 4.- Santiago
- 5.- Interior da Coruña
- 6.- Lalín
- 7.- Lugo

CENTENO


- 8.- Serras orientais
- 9.- Lemos
- 10.- O Barco de Valdeorras
- 11.- Ourense
- 12.- Verín

MILLO

- 13.- Rias Baixas
- 14.- Montaña de Pontevedra
- 15.- Baixo Miño

O que aquí se empregaba era o bastón ou pau, ao que, ao evolucionar, se lle engadiu outro pau máis por medio dunha correa, deste xeito aumentaba en sobexo o golpe. Ademais na Gallaecia o cultivo do trigo non tivo incidencia e si o centeo, que se adaptaba mellor ás condicións climáticas, e que necesitaba para degrañalo golpes máis contundentes que o trigo, por iso se utilizou o bastón.

Este sistema manual foi o que se empregou en Galicia ata chegados os anos 40, cando comezou a espallarse a malla mecánica, non obstante conviviron ambas as formas porque Galicia estaba moi pouco comunicada, de xeito que as máquinas non podían entrar polos camiños por seren moi esvexios.




TIPOS DE MALLOS

O traballo da Malla. Materiais e ferramentas

A malla era un dos labores do conxunto de traballos que comprende a seitura ou colleita de cereais, xunto coa sega da planta e o limpado dos grans. Había dous tipos de malla: manual e mecánica.

O proceso da malla manual era complexo. Comezaba co carrexo dos mollos recollidos en medouchos ata a eira, onde se facía a meda. Para iso deitábanse varios mollos en sentido radial coas espigas cara ao centro e sobre eles colocábanse outros formando unha morea de forma cilíndrica. A medida que se colocaban os mollos, o centro collía máis altura ca as beiras, co que ían acadando a característica forma cónica. Aos trinta días, máis ou menos, tiña lugar a malla, que se facía na eira, que era un espazo amplo lastrado de pedra. A eira tamén podía ser de terra, bosta de vaca esluída en auga que ao asollar ao sol se endurecía, e ultimamente de cemento. As eiras situábanse ao carón das casas se eran particulares ou comunais usadas por toda a veciñanza da aldea. Varríanse con vasoiras de xesta, codeso ou fentos antes de comezar a mallar.



PARTES DUNHA CASULLA

- 1.- Carroucha 2.- Cidoiro
3.- Xunguideira 4.- Entrecortes

Principiábase o traballo sacando os mollos das medas, para a continuación desatalos e colocalos, sempre de dereita a esquerda, cos cañotos cara á eira, así ata completar a eirada. Deseguido colocábanse outras ringleiras de mollos a partir da metade dos anteriores, deste xeito o cereal estendido deixábase un tempo ao sol para que fose máis doado mallalo. Posteriormente tiña lugar a malla; para iso facíanse dúas ringleiras de homes en grupos de igual número uns en fronte dos outros, todos petando co mallo, ata que ao final cada un remata coas súas respectivas casullas: a do cidoiro do pértigo do mallo e a do mango do ma-


llo, ambas unidas e artelladas por un vincallo de coiro, a xunguidora. Cada casula únese ao pau coa entrecorta. Os movementos dos homes estaban perfectamente sincronizados, de xeito que cando unha ringleira tiña o mallo erguido a outra tíñao baixado.

Ao chegaren os homes á beira da eira, co fin de que os grans non saltasen fóra, dúas mulleres collían unha saba polas esquinas e estendíana a modo de pantalla. Rematada a malla, cunha forquita de pau ou galleta de ferro erguíase o cereal para que soltase o gran que lle quedase. Unha vez separada do gran, a palla dispoñíase en moreas para confeccionar o palleiro. Logo, cun angazo, formado por unha travesa de madeira munida de dentes, ou co rodo, que no canto dos dentes leva unha táboa semicircular, tirábase a palla miúda ou a muña para deixar o gran o máis limpo posible.

O gran mídese co ferrado, un caixón de forma trapezoidal no que a cabida varía segundo as zonas, e métese en sacos. Como o gran aínda queda mesturado con arganas, abuxarda e palla entre outros elementos, procédese ao seu arxilado, para o que se necesita que corra algo de vento. Toda esa mestura bótase nun cribo, formado por un aro de madeira co fondo de coiro, que se ergue en alto e se inclina deixando caer o gran. Con isto conséguese que os materiais de pouco peso sexan levados polo vento e o gran caia completamente limpo. A continuación gárdase en huchas en espera de que se leve ao muíño.



Conxunto de mallos



FERRAMENTAS DA EIRA


- 1.- Vasoira
- 2.- Coañadoira
- 3.- Angazo de madeira
- 4.- Rodo
- 5.- Angazo de ferro

Esta maneira de mallar utilizouse durante un longo período en Galicia. Aínda a principios do século XX se continuaba usando, para pouco a pouco trocala pola malla mecánica mediante as máquinas malladoras e limpadoras. Para iso comezase por colocar a primeira nun recanto da eira e únese a un motor mediante unha polea. A continuación, sácanse os mollos da meda e depositanse na mesa degrañadora, onde se colocan dous homes para estender o cereal e pasalo polo tambor. Así o gran cae separado da palla pola parte inferior da malladora e a palla

sen gran pola parte de diante. Despois, mediante a máquina limpadora tamén dúas persoas cargan a moxega de gran mentres outros lle dan ao veo e producen o vento para así limpar a muña do gran. Por debaixo sae o gran limpo, que se recolle en sacos.

Non obstante as máquinas de mallar o traballo seguía a ser moi duro pola calor que ía. Unha malla necesitaba entre cincuenta a sesenta persoas e nos distintos traballos que se desenvolvían había relevos cada certo tempo pois a calor era abafante.

A malla pertence aos traballos considerados colectivos, nos que se reforza o sentimento de grupo entre os participantes e axuda a saír do illamento individual ou familiar para contribuír á creación de sentimentos de comunidade.



Distintas clases de forquitas e gallas



Eira

Novos métodos da colleita de cereais

Máquina de limpar



Co avance da técnica apareceron novas máquinas que provocaron que o feito de mallar xa non fose importante na participación colectiva do campesiñado, xa que unha soa persoa podía realizar todo o traballo de segar, mallar e limpar ao mesmo tempo. Son as máquinas trilladoras, que nunha armazón ou bateadeira posúen conxuntamente os aparellos cortadores mecánicos e os depósitos elevadores. O corte do cereal facíase por medio dunha barra cortadora ou gadaña provista por coitelas ou dentes a xeito de serra. As máquinas automotoras levan dous parafusos ou roscas helicoidais que xuntan a colleita no centro da teleira, onde a recolle unha cadea elevadora que a conduce ao bastidor.


O bastidor e contrabastidor golpean o cereal, que pasa despois a dúas zaranadas ou sacudidores, e expulsan a palla pola parte posterior. O gran, unha vez limpo nas aventadoras, transportase a unha moxega ou aos tubos enxugadores. Con esta modalidade afórrase no traballo porque a cantidade de persoas as substitúe unha soa máquina; porén, por outro lado, pérdese o traballo artesán, as tradicións e o que é máis importante a solidariedade entre as xentes do agro.

O bastidor e contrabastidor golpean o cereal, que pasa despois a dúas zaranadas ou sacudidores, e expulsan a palla pola parte posterior. O gran, unha vez limpo nas aventadoras, transportase a unha moxega ou aos tubos enxugadores. Con esta modalidade afórrase no traballo porque a cantidade de persoas as substitúe unha soa máquina; porén, por outro lado, pérdese o traballo artesán, as tradicións e o que é máis importante a solidariedade entre as xentes do agro.



Degrañadora

Importancia económica dos cereais en Galicia




Galicia tivo de sempre unha tradición de cultivo de cereais tanto para a alimentación dos animais coma para o consumo humano, porque basea a súa economía no cultivo da terra, sendo o máis importante o dos cereais.

O cultivo do trigo é máis abundante nas bisbarras da Coruña e do interior da provincia, así como en Lugo e a Terra Chá. O centeo cultívase nas terras de Lugo e Ourense, nas zonas baixas de media montaña nos vales. Este foi un cereal moi enraizado en Galicia dende moi antigo, grazas a que se adapta ás zonas frías e aos terreos areosos, ácidos e pouco fondos de alta montaña, onde se facían as "cavadas", que tiñan lugar cando se rozaba o monte inculto e se queimaban os refugalllos, con cuxas cinsas fertilizaban a terra para deseguido plantar o devandito cereal.


O centeo, grazas a que resiste mellor o frío, plantábase nalgunhas zonas mesturado co trigo para así servirlle de protección, pois o trigo aguanta mal as baixas temperaturas. Mais malia o centeo ser cultivado en toda Galicia, pasou a ser substituído polo trigo e polas praderías artificiais. Hoxe concéntrase case na súa totalidade nunha soa zona, en Verín, na bisbarra da Limia. Na actualidade o millo é o primeiro cultivo galego en superficie plantada, ocupando as terras de maior influencia Atlántica nas zona do Baixo Miño, Rías Baixas e montaña pontevedresa.

A cebada acada gran importancia na fabricación de cervexa que se consume en Galicia dende a época prerromana; ademais a cebada xunto coa avea empréganse para alimento do gando, sobre todo dos cabalos.



O carro, importante medio de transporte dos cereais á eira

Ferrado



O cultivo dos cereais minguou nos últimos anos a causa da maior especialización gandeira e o abandono da agricultura de subsistencia, o que fai que hoxe se oriente ao fornecemento da produción animal. Así moitos cultivos, entre eles o millo, xustifican a súa produción en función da gandaría. Por todo iso non resulta estraño que os cereais, sobre todo o centeo -e o trigo en tempos, e na actualidade o millo- se considerasen os piares da economía galega.




Meda



Medoucho na leira

PARTES DUNHA MEDA

- 1.- Pé
- 2.- Corpo
- 3.- Teito
- 4.- Corre maior
- 5.- Corre menor
- 6.- Enfeite



Literatura popular

Os refráns, cantigas, adiviñas, lendas e contos destilan sabedoría enxeñosa sobre moitos temas que expresan ideas e costumes e que ademais de simples pasatempos poden ser máis ou menos educativos porque lles transmiten divertindo os valores da cultura ás novas xeracións formando o seu espírito. A súa función é moi importante, ata o punto que se poden considerar as “leccións da escola galega”.



Hedoucho ao pé da casa



Saba para que non salten os grans da eira

Refráns

- ⤿ Non é só de nós a eira pois malla nela quen queira
- ⤿ Ao home canso da malla dálle de beber viño de Chantada
- ⤿ Quero o sol na eira e a chuvia no nabal
- ⤿ O que ten avea non pasa sen cea
- ⤿ Chuvia en xaneiro nin boa meda nin bo palleiro
- ⤿ Sempre chove cando malla o pobre
- ⤿ Auga por agosto nin boa malla nin bo mosto
- ⤿ Cando súa a lareira, saca o trigo da eira
- ⤿ Curuxa noiteira mallos na eira
- ⤿ Durmir e gardar a eira non hai maneira
- ⤿ Cando o trigo está enriba da eira, anda o pan por enriba da artesa
- ⤿ Eira e cociña sempre a miña
- ⤿ Limpa e arranxa a eira cando estea agosto á beira
- ⤿ A chover a chover, mellor na malla que na vendima
- ⤿ Auga na serra pan do que se malla na eira
- ⤿ Cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai que gardar o trigo na eira
- ⤿ Se a eira a queres limpar, vasoira de xesta has de usar
- ⤿ Rodos, angazos e cañoeriras non deben de faltar na eira
- ⤿ En eira de pedra non medra a edra
- ⤿ Cada muller co seu saio e cada home co seu mallo
- ⤿ Con bosta de vaca a eira está posta
- ⤿ O peixe frito e a eira de granito
- ⤿ Na casa canciño e na eira o enciño
- ⤿ Non hai eira sen meda nin carro sen chedas
- ⤿ Á beira da casa todos queren a eira
- ⤿ Malla o rico e malla o pobre e sen mallar ninguén queda

Ditos

- ⤿ Miras máis ao ceo que un medeiro.
- ⤿ É como estar a mallar no aire.
- ⤿ Es máis longo ca unha mangureira de mallo.
- ⤿ Ser do coiro do mallo.
- ⤿ Ser coma unha máquina de mallar.
- ⤿ Ser o colmo.



Malla en Embedeiro, Carballedo (Lugo), 1944

Adiviñas

- ∞ Baila no aire, baixa á terra e pega no trigo enriba da pedra
- ∞ Homes con paus a bourar uns en fronte dos outros, porén nunca se pegan

Lenda

Un home que sementara o trigo, chegado o momento segouno e deseguido levouno á eira. Porén non tiña quen llo puidese mallar e saíu á procura de quen lle puidese facer o labor. Despois de moito andar, á fin atopou un burro e preguntoulle:

—Coñeces alguén que me poida mallar o trigo?

Ao que lle respondeu o burro:

—Eu mállollo e entrégollo.

E unha vez que acordaron o prezo, o home amosoulle a eira chea de trigo para mallar e foise. O burro ao ver tal cantidade de cereal non sabía como facer; daquela, mirou para o ceo e viu un voitre e tivo a idea de facer o morto no medio da eira. Entón a ave acercóuselle e decidiu comezar a picar pola parte máis branda, é dicir, polo cu, que o burro abriu de xeito que a cabeza do voitre puidese caber dentro. E así, unha vez que se decatou diso, o burro ergueuse do chan e comezou a mallar a galope coas patas, mentres o voitre, medio afogado, batía as alas decontino e deste xeito aventaba e limpaba o gran que o burro deixaba degrañado da palla. Unha vez rematado todo, o burro soltou o voitre, ao que lle quedou o pescozo pelado. Ao vindeiro día o burro entregoulle o gran limpo ao home tal como acordaran.

Conto

Nunha de tantas freguesías da nosa terra a xente traballaba arreo para acadar a correspondente meda de trigo. Malia o Tolín non dar pancada, era quen tamén de ter a súa meda. E cando alguén lle preguntaba:

—Tolín, como fas para ter a meda sen traballar?

El respondía moi tranquilo:

—Pois turrar de aquí e de alí.

Mesmo o crego louvaba o Tolín dicindo:

—Mirade o Tolín, non sementa nin sega e a Providencia dálle o necesario.

O caso era que o Tolín polas noite saía cun burro ao que lle penduraba unha lanterna no pescozo, de xeito que ao moverse na escuridade espantaba os veciños, que deron en dicir que era a alma en pena do muiñeiro por roubar en vida a maquiá. Isto favorecía os plans do Tolín porque así ninguén o vixiaba e deste xeito, durante varios, días carrexaba os mollos de trigo das leiras dos veciños cara á súa eira ata que tiña os necesarios para facer a meda.

E así facía un ano tras de outro.

Porén chegou o día que un grupo de veciños se reuniu dicindo un deles:

—Non vos parece que resulta algo estraño que unha alma en pena ornee coma un burro.

Pois o animal non saía moi contento palas noite e orneaba como protesta. Desta maneira descubriron o engano do Tolín, ao que lle deron unha malleira para que escarmentase.

Entón o cura cambiou o discurso dicindo:

—O traballo é unha obriga que debemos de cumprir, se non mirade o que lle ocorreu ao Tolín por non o querer facer.

—Cada un fala da feira segundo lle vai nela -dixo un fregués ao escoitalo.

Cantigas

Se unha boa malla /
decontado queres facer, /
érguete ao amencer, /
e ao sol de mediodía /
acouga á sombra /
e deixa a trilla.

Peta o canteiro na pedra, /
peta o carpinteiro no cravo, /
peta o ferreiro na zafra /
e peta o mallo na eira.

Celeiro cheo de millo, /
adega con viño nas cubas, /
meda grande de trigo na eira, /
auga sempre no rego a correr, /
fan a ledicia do labrego.

Sen ter, a que vas á vila /
e aló tomas sempre a parva? /
Xa veremos polo agosto /
cantas medas pos na eira.

RESCATANDO UN ANACO DA NOSA CULTURA



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2019

TEMA: "O Ferrador"

SYNGENTA, continuando coa tradición deste "Almanaque" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre "O Ferrador".

O traballo gañador publicárase na próxima edición do "Almanaque agrícola ZZ".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia "CONCURSO" antes do 30 de setembro de 2019. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil,...). Admitíranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto.marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.

- Historia dos ferradores en Galicia.
- Materiais e ferramentas usadas polos ferradores.
- Importancia económica e social dos ferradores en Galicia.
- Novos métodos de ferrar, novos materiais e tecnoloxías.
- Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a esta actividade.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de novembro de 2019.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon⁺**
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.



As nosas Castes de Vide



A variedade "Pedral"

1. Sinonimias

Pedrol, Dozal, Rufete.

2. Antecedentes

No Catastro Vitícola de 1983 cítase como cultivada na DO Valdeorras,

onde ocupaba 0,03 ha da extensión de viñado. Freijanes et al. (1993) cítana como cultivada na zona atlántica da rexión galega, concretamente na comarca do Condado do Tea.

3. Situación actual

Localizaronse cepas centenarias formando parte de viñedos plurivarietais do Ribeiro, e tamén no Condado e Baixa Limia. Hoxe en día na subzona do condado hai bodegas,

como Señorío de Rubiós, que apostan por recuperar esta variedade e lanzaron ao mercado un monovarietal desta uva.

4. Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación media e maduración tardía, presenta sensibilidade moderada ao oídio e ao mildeu e baixa sensibilidade á botrite.

5. Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade media e pigmentación reberetada de intensidade

débil. A cara dorsal dos entrenós e nós é verde e vermella, mentres que a ventral é verde. As xemas presentan pigmentación antociánica basal de intensidade moi débil.



Folla nova

A folla nova é bronceada con peluxe tombada de densidade media.

Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño grande e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade media de pelos tomados entre os nervios principais do envés do limbo; perfil alabeado; limbo con avultamento e inchazón débil; dentes con lados convexos, de lonxitude curta en relación é súa anchura; seo peciolar con lóbulos lixeiramente superpostos e coa base en forma de U; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V ou de chave; peciolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.



Acio

O acio é cónico, de lonxitude, anchura e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude media.

Bago

O bago de cor azul negra presenta forma elíptica curta.



Boa uva, **bo** viño

O teu mellor aliado fronte á botrite e asperxilo



Ao final, o que de verdade importa é a calidade



syngenta.



© 2018 Syngenta. Todos os dereitos reservados.
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de uso.

O TEMPO

No principio do mes o ceo estará neboento con bancos de brétema pola mañá en zonas do interior que poderán






traer chuvias nas horas centrais do día acadando certa intensidade no litoral oeste. Non se desbota co eslimar dos días algunha cebrigada acompañada de saraiba. Non obstante tamén aparcerán os días claros con nubes escasas porén ao mecer importantes xeadas, carazo, lentura e intensa friaxe que poñerá azuridas as orellas. Ocasionalmente nevará en zonas altas. Os ventos frios do norte revezaran cos do noroeste. No mar haberá marexada a forte marexada.



"Xaneiro quente trae ao demo no ventre"

"Cando en xaneiro cantan as ras sinal de fame no ruciro"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2018)	12,83	5,00	9,32	16	141,75
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2018)	11,05	4,66	8,08	19	294,44
Lugo	Campus Lugo (2000-2018)	10,42	5,24	6,59	14	114,60
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2018)	13,2	7,3	10,5	16	116,3
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2018)	9,3	3,7	7,2	12	101,8
	Ourense-Ciencias (2005-2018)	13,3	4,3	7,8	9	72,5
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2018)	10,8	2,0	6,6	16	150,1
	Corón-V. de Arousa (2002-2018)	13,3	7,7	10,8	15	181,3

1 M. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma galego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.

2 M. Ss. Basilio; Gregorio.

3 X. S. Xenoveva.

4 V. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.
1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 S. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.

6 D. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

Lúa Nova

7 L. S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.

8 M. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.

9 M. S. Lucrecia.

10 X. S. Gonzalo.

11 V. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.
1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.

12 S. S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 D. **Bautismo do Señor**
S. Hilario.

14 L. S. Félix.



Cuarto
Crecente

15 M. Ss. Raquel; Amaro.

16 M. S. Marcelo.

17 X. Ss. Antón Abade; Guido.

18 V. Ss. Prisca - Priscila.

19 S. S. Mario.

20 D. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.

21 L. S. Inés.



Lúa Chea

22 M. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 M. S. Virxinia.

24 X. S. Francisco de Sales.

25 V. S. Elvira.

26 S. Ss. Timoteo; Tito; Guímar; Ansurio; Viliúlfo.

27 D. Ss. Ánxela Merici.



Cuarto
Minguante

28 L. S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.

29 M. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 M. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.


31 X. Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.

Febreiro

O TEMPO

Este mes ao longo dos seus días amosarase toleirón e falcatruero, como ten por vezo, así presentarase con fortes careifas con vento rispio e






xélido que impedirá que os mariñeiros perdan de faenar algunhas xeiras ao ter que permanecer no peirao durante varios días. As chuvias poderán espallarse en ocasións por toda a comunidade. Malia o tempo desigual tornará máis equilibrado con temperaturas mornas. Os ceos pasarán de embatumados a va-soirados de nubes. Os días se sucederán con lentura en sobexo que beneficiará ao agro. O mar non estará tan alporizado como a principio do mes pois cesará a mar grosa.



"En febrero sete capas e un sombreiro"

"Sementa avea en setembro se queres facer diñeiro"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2018)	13,74	3,82	8,57	12	115,20
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2018)	12,53	3,97	7,45	13	211,96
Lugo	Campus Lugo (2000-2018)	11,88	4,48	6,36	12	100,60
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2018)	13,2	6,3	9,7	13	100,9
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2018)	11,7	3,8	7,2	10	96,4
	Ourense-Ciencias (2005-2018)	12,4	2,2	7,5	11	69,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2018)	12,0	0,9	6,3	11	127,6
	Corón-V. de Arousa (2002-2018)	14,0	7,3	10,5	12	120,0

-
- 1 V.** S. Severiano.
-
- 2 S.** S. Candeloria. *Presentación do Señor.*
-
- 3 D.** Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco*.
1807. *Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.*
-
- 4 L.** S. Xilberte.
1135. *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).*
1864. *Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.*
1893. *Morre en Vigo Concepción Arenal.*
-
- 5 M.** S. Ádega.
-
- 6 M.** Ss. Doris; Paulo Miki.
-
- 7 X.** S. Gastón.
1876. *Primeiro número da publicación O Tio Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*
-
- 8 V.** Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.
1835. *Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.*
-
- 9 S.** S. Rebeca.
-
- 10 D.** S. Escolástica.
1810. *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.*
1890. *Naufrexio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*
-
- 11 L.** Nosa Señora de Lurdes.
1885. *Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.*
-
- 12 M.** S. Pamela.
-
- 
DOSE: 10-20 ml/hl en alcachofa, amendoeira, ameixeira, froiteiras de óso, froiteiras de pebida, feixóns verdes, pataca e tomate; 20-60 ml/hl en melocotoeiro e nectarina; 10-40 ml/hl en cítricos, ornamentais herbáceas e ornamentais leñosas; 10-50 ml/hl en algodoeiro; 20-40 ml/hl en leituga; 100-200 ml/ha en trigo e alfalfa.

FORCE 1,5G

1,5 % Teflutrin

GR

Nº 24.883

PS: 30 días en espárrago. NP en algodoeiro, xirasol, chícharos, hortícolas do xénero brassica, feixóns verdes, millo, melón, nabos, patacas, pemento, tomate e cenoria.

Insecticida piretroide para tratamento da terra contra vermes de arame, vermes brancos, vermes grises, prodenia negra, pulguiñas e moscas.

DOSE: 3-5 kg/ha.

KARATE ZEON 1,5 CS

1,5 % Lambda cihalotrin

CS microencapsulado

Nº 25.143

PS: 1 día en amendoeira e abelá; 3 días en allo, alcachofa, apiorravo, berexena, cebola, chalota, coliflor, melón, sandía, cogombro, cabaciña, amorodo, pataca, pemento, ravo e tomate; 7 días en alfalfa, apio, cereixa, cítricos, coles de Bruxelas, espinaca e similares, maceira, peral, marmelo, néspere e néspere do Xapón, albaricoquero, cerdeira, ciruelo, melocotonero e nectarino, groselleira, chícharos, herbas aromáticas, feixóns verdes, oliveira, remolacha, repolo e vide; 14 días en ceboliña, leitugas, escarola, cóengos, mastuerzos e outros brotes, barbareas, rúcula e brotes tenros (incluída as especies de Brassica), e legumes gran; 21 días en algodoeiro; 30 días en cebada, centeo e trigo, colza e millo; NP en baldíos e ornamentais herbáceas.

Insecticida piretroide de amplo espectro en forma microencapsulada que actúa por inxestión, contacto e acción repelente, contra vermes, pulgóns, mosca, pulguiñas e escaravellos.

DOSE: 50-130 ml/hl en xeral (consúltese a etiqueta antes de usar para verificar a dose por cultivo), en olivo: 50-130 ml/hl, dependendo da praga; En vide contra *Scaphoideus titanus*: 165 ml/hl. En alcachofa: 65-100 ml/hl, respetándose un máximo de 1,3 l/ha.

MATCH 5 EC

5 % lufenurón

EC

Nº 19.623

PS: 7 días en tomate, cogombro, cogombríño, cabaciño e pemento.

Inhibidor do crecemento dos insectos, con acción sobre a quitina contra vermes e trips. Ten uso só en invernadoiros. Como só os estados inmaturos forman quitina non afecta os adultos. Actúa máis por inxestión que por contacto. Non é sistémica nin ten acción de vapor, Non é adulticida pero as femias que inxeren o produto transfírenos aos ovarios e ovos, os embrións non eclosionan (efecto transovárico).

DOSE: Trips 200 ml/hl e lepidópteros 100 ml/hl.

MINECTO ALPHA

10 % Ciantraniliprol + 1,25 % Acibenzolar-S-metil

SC

Nº ES-00096

NOVO

PS: 3 días en leituga e tomate en aplicación foliar e 14 días para rega por goteo; 14 días en pemento.

Novo insecticida activador das defensas das plantas mediante aplicación foliar ou rega por goteo. Controla a mosca branca, trips, eirugas de lepidópteros, tuta e *liriomyza*, permite adicionalmente reducir a incidencia de virus en cultivos hortícolas.

DOSE: leituga (Uso únicamente ao aire libre) 1-1,25 l/ha para trips e 0,75-1 l/ha para *spodoptera*; pemento e tomate (uso únicamente en invernadoiro) 1 l/ha.

TERVIGO**NOVO**

2 % Abamectina

SC

Nº ES-00375

PS: 0 días en berenxena, cogombro, cabaciña, melón, sandía e cabaza, feixóns verdes, pemento e tomate.

É un produto a base de abamectina utilizado para o control de nematodos das bugallas (*Meoidogyne spp.*). Aplicáselle en invernadoiro en rega por goteo ao chan durante o período vexetativo das plantas. Posúe acción por contacto, aínda que tamén por inxestión, e rapidamente orixina a parálise e cesamento da alimentación e finalmente a morte dos nematodos.

DOSE: 5 l/ha.

TRIGARD 75 WP

75 % Ciromazina

WP

Nº 17.832

PS: 3 días en tomate, berenxena e pemento; melón e sandía; cabaciña, cogombro e cogombriño; chícharos e feixóns verdes. NP: ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas e cogomelos (inclúe oyster y shi-take).

Insecticida sistémico contra larvas de dípteros (*Liriomyza spp.*), regulador do crecemento dos insectos que interfere os procesos de muda das larvas dos insectos e impide a formación de pupas e adultos.

DOSE: Aplicación foliar: 20-40 g/hl. Aplicación mediante rega por goteo: 250 g/ha; no caso de ornamentais herbáceas e leñosas: 200-500 g/ha. En cogomelos: 5,4 kg/ha; unha única aplicación sobre compost antes de inocular ou sobre a capa de cobertura mediante pulverización, realizada desde antes da inoculación das esporas ata antes do desenvolvemento do corpo do froito.

VERTIMEC

1,8 % de Abamectina

EC

Nº 16.784

PS: 3 días en tomate, pemento, feixóns verdes, amorodo, cucurbitáceas, berenxena e algodoiro; 7 días en mora e framboesa; 10 días en cítricos e apio; 14 días en albaricoqueiro, leituga e pexego e nectarina; 28 días en maceira, pereira e vide. NP: en flor cortada, ornamentais herbáceas e ornamentais leñosas.

Insecticida-acaricida con acción translaminar, contra ácaros, eriófidos e minadores de follas, actúa por inxestión con limitada actividade por contacto.

DOSE: 50-100 ml/hl (consúltase a etiqueta antes de usar para verificar a dose por cultivo). En vide tratar ao inicio do ataque dos ácaros a razón de 75 ml/hl (aplicar entre os estados de tres follas despregadas e todas as bagas dun acio tócanse), mollando moi ben toda a follaxe. Nos cítricos, para *Phyllocnistis*, 40-75 ml/hl.

VOLIAN TARGO**NOVO**

4,5 % Clorantniliprol +1,8 % Abamectina

SC

Nº 25.443

PS: 3 días en berenxena, cabaciña, melón, cogombro, pemento, sandía e tomate; 14 días en maceira, pexego, nectarina e pereira.

Acaricida/insecticida de aplicación foliar con acción de inxestión e de contacto para o control de eirugas de lepidópteros, insectos chupadores e minadores en froiteiras e en cultivos hortícolas en invernadoiro.

DOSE: 50-80 ml/hl segundo os cultivos (consúltase a etiqueta antes de usar para verificar a dose por cultivo).

FUNXICIDAS

AMISTAR PACK

25 % Azoxistrobin, 12,5 Epoxiconazol SC N° 22.000, 25.740

PS: 35 días en trigo e cebada.

Combinación de dous produtos funxicidas en forma de solución concentrada para o control das enfermidades dos cereais, presenta un bo control de oidio, hemiltosporium, rincosporium, septorias e roias en trigo e cebada. Presenta unha acción complementaria entre os dous produtos que favorece a enchedura da espiga nos momentos críticos finais do cultivo. Ademais presenta un efecto verdor que mellora a produción final.

DOSE: Amistar 0,8-1 l/ha, Raster 0,75-1 l/ha.

AMPEXIO

25 % Mandipropamida, 24 % Zoxamida WG N° ES-00288

PS: 21 días.

Funxicida, formulado en forma de gránulos dispersables, indicado para o control preventivo do mildio da vide. AMPEXIO é un funxicida con dúas materias activas de alta eficacia e sinerxías que permite un excelente control da enfermidade desde comezo da floración ata o tamaño de chícharo. As súas dúas materias activas actúan complementariamente reducindo o risco de resistencias. Presenta unha gran resistencia ao lavado pola choiva.

DOSE: 0,5 kg/ha.

BRAVO 720 SC

72 % Clortalonil SC N° 24.121

PS: 3 días en berenxena, cucurbitáceas de pel non comestible, cogombro, cogombriño e tomate; 10 días en coles de Bruxelas e coliflor; 14 días en allo, cebola, chalote, garavanzo, chícharos para gran e feixón para gran; 15 días en charouvia, pataca e cenoria; 42 días en cebada; NP en ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, trigo e tritcale

Funxicida de amplo espectro para o control de alternariose, antracnose, botrite, chancros, helmintosporiose, mildio, momificados, moteados e outras enfermidades producidas por fungos endoparasitos.

DOSE: 160 ml/hl.

CARIAL TOP

25 % Mandipropamida + 25 % Difenconazol SC N° ES-00066

PS: 3 días en pataca e tomate.

Un funxicida para pataca con dúas materias activas: mandipropamida, unha nova materia activa coa tecnoloxía Lock&Flow que lle permite fixarse rapidamente ás ceras da folla e ao mesmo tempo fluír cara ao interior, protexendo a folla tanto pola face coma polo envés, evitando o desenvolvemento do mildio. Na súa formulación conta tamén co difenoconazol, que é un funxicida sistémico de contrastada eficacia no control de alternaria, mantendo o cultivo protexido durante longo tempo e detendo a enfermidade durante o período de incubación do fungo. A asociación de ambas as materias activas permítenos obter un extraordinario control tanto da alternaria coma do mildio nunha presentación líquida de moito máis doado manexo para a súa aplicación e mestura.

DOSE: 0,6 l/ha en pataca e 60-300 ml/hl en tomate (máximo 0,6 l/ha).

CARIAL FLEX

18 % Cimoxanilo + 25 % Mandipropamida

WG

Nº ES-00322

PS: 21 días en pataca.

Funxicida en forma de gránulo dispersable específico para o control do mildio da pataca, con dúas materias activas de acción complementaria e de diferente modo de acción. Recomendamos utilizar CARIAL FLEX preventivamente cando as condicións de ataque sexan inminentes, para evitar as infeccións primarias e posibles perdas no cultivo. Pódense dar ata 6 pases por ciclo de cultivo para evitar a aparición da enfermidade.

DOSE: 0,6 kg/ha.

CIDELY TOP

12,5 % Difenconazol + 1,5 % Ciflufenamida

DC

Nº E-00056

PS: 3 días en tomate, pemento, berenxena, amorodo, cogombro, cabaciño, melón e sandía.

Funxicida preventivo e curativo para controlar enfermidades fúxicas, combinación de dous ingredientes activos con modos de acción diferentes (Difenoconazol e Ciflufenamida). Esta combinación ofrece un amplo espectro de acción funxicida con alta persistencia a oídio, alternaria, Cladosporium, antracnose e Mycosphaerella. Difenconazol é un funxicida que ten efecto preventivo e curativo, translaminar e sistémico cun amplo espectro de control da enfermidade. Ciflufenamida é moi activa nunha ampla gama de mildios, con actividade preventiva, curativa e residual. Presenta movemento translaminar dentro da planta e de vapor na superficie.

DOSE: 100 ml/hl (máximo 1 l/ha).

ZZ CUPROCOL

70 % En forma de oxicloruro de cobre

SC

Nº 14.534

PS: 3 días en cucurbitáceas de pel comestible, allo, cebola, chalota chícharo, fabas e feixón verde; 7 días en tomate de invernadoiro, berenxena de invernadoiro e amorodo de invernadoiro, alcachofa, cucurbitáceas de pel non comestible e hortalizas do xénero brassica; 10 días en tomate ao aire libre, berenxena ao aire libre e amorodo ao aire libre; 15 días en cítricos, leitugas e similares, oliveira e pataca. NP: amendoeira, froiteiras, froitos secos e ornamentais leñosas.

Funxicida a base de cobre en formulación coloidal con 90 % das súas partículas inferiores a un micron, polo que a súa actividade funxicida está máis potenciada. Na vide contra mildio, bacteriose, axeitado para últimos tratamentos antes da colleita, e tamén en tratamentos do inverno. Cultivos de tomate e outras hortícolas, contra mildio, antracnose, bacteriose e alternariose

DOSE: 100-200 ml/hl segundo o cultivo.

DYNALI

3 % Ciflufenamida + 6 % Difenconazol

DC

Nº E-00001

PS: 21 días en vide.

Funxicida preventivo para o control do oídio da viña, con dúas formas de acción e formulado como concentrado dispersable a base de disolventes de orixe natural, que permite unha mellor disolución e unha pulverización de maior calidade.

DOSE: 50-65 ml/hl (máximo 650 ml/ha).

GEOXE

50 % Fludioxonil

WG

Nº 25.920

PS: 3 días en maceira e pereira; 7 días en uva de mesa; 21 días en vide.

Tratamento fungicida en pereira e maceira contra estenfiliose, alternariose e enfermidades poscolleita; en vide de mesa e viño contra botrite.

DOSE: 30 g/hl en pereira e maceira; 100 g/hl en vide (máximo 2 aplicacións).

ORTIVA

25 % Azoxystrobin

SC

Nº 22.000

PS: 1 día en cucurbitáceas de pel comestible e amorodos; 3 días en cucurbitáceas pel non comestible, berenxenas, tomates e pementos; 7 días en alcachofa, leituga e similares, apio, berros, herba dos cóengos, endivia, escarola, perexil, cenoria e feixón verde; 14 días en brócoli, coliflor, repolo, allo, cebola e chícharo; 28 días en feixón (faba); 35 días en trigo e cebada. NP en caqui e espárrago.

Fungicida para o control de esclerotinia en leituga, fungos en allos, mildio da alcachofa, berenxena, cebola, cucurbitáceas, amorodo, leituga, pemento e tomate, oídio, fungos e outras enfermidades en trigo e cebada.

DOSE: 80-100 ml/hl. Trigo e cebada; 0,8-1 l/ha. brócoli, coliflor 0,8-1 l/ha; Cucurbitáceas 75-80 ml/hl.

ORTIVA TOP

20 % Azoxistrobin + 12,5 % Difenconazol

SC

Nº 25.588

PS: 3 días en tomate de invernadoiro, berenxena de invernadoiro, cucurbitáceas, amorodo e pemento; 7 días en alcachofa, feixón verde, tomate ao aire libre, leituga, berenxena, alcachofa e framboesa; 14 días en allo, apio, brócoli, cebola, chalota, coliflor, chícharo, leituga e similares, framboesa en invernadoiro, cenoria e outras raíces e tubérculos; 21 días en coles, coles de Bruxelas e porro. NP en espárrago.

Fungicida de aplicación foliar a base de Azoxistrobin e Difenconazol para o control de enfermidades fúngicas. O Azoxistrobin é un potente inhibidor da xerminación de esporas, presentando acción preventiva, curativa e erradicante, con propiedades de contacto e translaminares. O Difenconazol é un fungicida sistémico con acción preventiva e curativa, que é absorbido pola planta e ten unha grande acción acrópeta, basípeta e translaminar.

DOSE: 100ml/hl.

PERGADO F

5 % Mandipropamida + 40 % Folpet

WG

Nº 25.316

PS: 28 días en vide.

Fungicida indicado para o control preventivo do mildio da vide. PERGADO é un fungicida cun novo modo de acción cunha alta eficacia no control dos oomicetos que atacan a vide. Posúe unha alta resistencia ao lavado pola choiva tras 2 horas da aplicación.

DOSE: 200-250 g/hl.

REVUS

25 % Mandipropamida

SC

Nº 25.186

PS: 3 días en pataca, tomate, melón e cabaciña; 7 días en leituga, pirixel, rúcula, herbas aromáticas, escarola, herba dos cóengos, chicoria, acelga e hortícolas de folia.

Funxicida de amplo espectro de acción preventiva e curativa para o control da mildio da pataca, leituga e tomate. REVUS é un funxicida cun novo modo de acción cunha alta eficacia no control dos oomicetos que atacan a algunhas hortícolas. Posúe unha alta resistencia ao lavado pola choiva ou ás regas tras 2 horas da aplicación.

DOSE: 0,4-0,6 l/ha.

RIDOMIL GOLD MZ PEPITE

3.9 % Metalaxyl-M + 64 % Mancozeb

WG

Nº 24.294

PS: 14 días tomate e cogombro; 21 Pataca; 28 días cebola e leituga; 30 días en brecol e NP en vide.

Funxicida sistémico e de contacto contra o mildio nos cultivos de tomate, cogombro, pataca, leituga, cebola, brócoli e vide. Tamén contra alternaria en pataca e tomate e septoria en tomate. Formulación funxicida, sistémico e de contacto, que se absorbe en 30 minutos polas partes verdes da planta. Especialmente indicado para o tratamento da vide nas primeiras mans contra a mildio.

DOSE: 200-250 g/hl. Facer un máximo de 3 tratamentos por ano excepto na vide que son 4.

SCORE 25 EC

25 % Difenconazol

EC

Nº 18.767

PS: 3 días en amorodos, fiúncho, moreira-framboeseiro e cogombro; 7 días en albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, chícharos, feixóns verdes, pexego, nectarina, pemento e tomate; 14 días en alcachofa, apio, brócoli, cardos comestibles, charouvia, leitugas e similares, maceira, nespereira, pereira, repolo e cenoria; 21 días en porro, remolacha azucreira e vide; 30 días en oliveira e pataca. NP en caqui, caravel, dalia, espárrago e roseira.

Funxicida de acción sistémica, preventivo e curativo. Nos cultivos de caravel e espárrago para fungos; apio contra septoria; leituga, pataca e tomate contra alternaria; pereira contra moteado, fungos e septoria; maceira e nespereira contra moteado; pexego e albaricoqueiro contra lepra, cribado, monilia e oídio; ameixeira contra monilia e oídio; cerdeira contra monilia.

DOSE: caravel, espárrago e apio 0,5 l/ha; pataca 0,5-0,6 l/ha; tomate 50-64 ml/hl; pereira e nespereira 20 ml/hl; pexego, albaricoqueiro, ameixeira e cerdeira 30 ml/hl.

SWITCH

37,5 % Ciprodinil + 25 % Fludioxonil

WG

Nº 21.714

PS: 1 día en amorodos; 3 días en berenxena, tomate, cucurbitáceas de pel comestible e pemento; 7 días en leituga e similares, albaricoqueiro, pexego, ameixeira, cerdeira e moreira-framboeseiro; 14 días en leguminosas (feixóns), pereira, maceira e cebola; 21 días en viña.

Funxicida específico contra botrite nos cultivos de viña, amorodos, pemento, pexegueiro, albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, leitugas, berenxena, tomate, cucurbitáceas de pel comestible e feixóns (faba). Tamén controla monilia, sclerotinia e asperxilo.

DOSE: 60-100 g/hl en todos os cultivos, excepto: amorodo 0,6 - 1 kg/ha, pereira 80-100 g/hl, albaricoqueiro 60 g/hl, cerdeira 80 g/hl, ameixeira e melocotoeiro 80-100 g/hl, leituga 500-600 g/ha e viña 600-1000 g/ha.

THIOVIT JET

80 % Xofre

WG

Nº 12.901

PS: NP en Chicoria, abelá, berenxena, brócoli, cereais, coles de Bruxelas, coliflor, cucurbitáceas, endivia, escarola, amorodo, froiteiras de óso, froiteiras de pebida, froiteiras tropicais, leituga, lúpulo, oliveira, ornamentais, pemento, remolacha azucreira, repolo, tomate e vide.

Funxicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra oídio, ácaros, eriófidos e fumaxina.

DOSE: 200-500 g/hl.

TOPAS 200 EW

20 % Penconazol

EW

Nº 21.291

PS: 3 días en melón, sandía, cabaciña, cogombriño, cogombro, amorodo, pemento e tomate; 14 días en albaricoqueiro, alcachofa, maceira, pereira, pexego, nectarina e vide.

Excelente actividade contra oídio. Tras a aplicación é rapidamente absorbido pola planta, polo que non é necesario repetir a aplicación se acontece unha choiva pasados 30 minutos do secado do depósito de pulverización. Robusto fronte ás resistencias.

DOSE: 15-25 ml/hl conforme os cultivos.

HERBICIDAS

AMADEUS TOP

50 % Tifensulfuron-metil + 25 % Tribenuron-metil

WG

Nº 25.522

PS: NP.

Está autorizado para o seu uso como herbicida en postemerxencia en cultivos de trigo e cebada contra malas herbas dicotiledóneas. Controla poboacións invasoras de compostas (como *Matricaria*, *Anthemis*), crucíferas (como *Diplotaxis*, *Sinapis*), *Papaver*, *Stellaria*, *Fumaria*, *Urtica*, *Lamium*, *Rodolfia segetum* e *Salsola kali* entre outras.

DOSE: 30-50 g/ha.

AUROS PLUS 2.0

80 % Prosulfocarb (Auros), 75 % Clorsulfuron (Avenir 75PX)

WG

Nº 18.087, ES-00021

PS: NP.

Combinado herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada de inverno.

DOSE: para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 3-5 l/ha do Auros (Prosulfocarb 80 %) e 15-20 g/ha do Avenir (Clorsulfuron 75 %).

AXIAL PRO

6 % Pinoxaden

EC

Nº ES00015

PS: NP.

Herbicida de postemerxencia de alta eficacia, contra avea, xoio e outras gramíneas nos cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 3 follas do cereal e cando as malas herbas nazan. A eficacia do produto non se ve alterada polas baixas temperaturas.

DOSE: 0,5-1 l/ha (Trigo duro: 0,5-0,75 l/ha).

CALLISTO 100 SC

10 % Mesotrione

SC

Nº 25.810

PS: 60 días (42 días en millo dulce).

Herbicida para o cultivo do millo, contra a xunca e outras herbas cando estas son noviñas. Bótase co millo nacido e cando a xunca é noviña, entre 2-4 follas. Pódese facer o tratamento entre o millo, se xorde, ata o estado de oito follas do cultivo.

DOSE: 0,75-1,5 l/ha.

CAMIX

40 % S-Metolacloro + 4 % Mesiotrione

SE

Nº 24.063

PS: NP.

Herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folla estreita e ancha no cultivo do millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que lle impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

DOSE: 3-3,75 l/ha.

CASPER

50 % Dicamba (sal sódico) + 5 % Prosulfuron

WG

Nº 25.411

PS: NP.

Herbicida en forma de gránulo dispersable, cun amplo espectro de control sobre malas herbas dicotiledóneas, anuais e perennes no cultivo do millo. A aplicación debe ser en postemerxencia das malas herbas e co millo entre 3 e 8 follas.

DOSE: 0,3-0,4 kg/ha.

DUAL GOLD

96 % S-Metolacloro

EC

Nº 22.126

PS: NP.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: *Echinochloa*, *Digitaria*, *Setaria*, *Lolium* e outras. A xunca é moderadamente sensible a DUAL GOLD. Indicado para os cultivos de millo, pataca, remolacha, xirasol e tomate. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas.

DOSE: en pataca e remolacha 0,5-1,5 l/ha; en millo e xirasol 0,5 - 1,6 l/ha. En tomate 1-1,3 l/ha.

ELUMIS

3 % Nicosulfuron + 7,5 % Mesotriona

OD

Nº 25.423

PS: NP.

É un herbicida formulado como dispersión oleosa, para o control en postemerxencia de malas herbas presentes no cultivo do millo. Con gran eficacia tanto sobre gramíneas como dicotiledóneas. A aplicación debe ser en postemerxencia das malas herbas e co millo entre 3 e 8 follas.

DOSE: 1-2 l/ha.

LUMAX

18,75 % Terbutilazina + 3,75 % Mesotrione +
31,25 % S-metolacloro

SE

Nº ES-00102

PS: NP.

Herbicida formulado como unha suspoemulsión para o control en preemerxencia das malas herbas do millo. A base de 3 ingredientes activos con modos de acción diferentes e complementarios, permite ter ou terreo limpo durante máis tempo e controlar de forma efectiva as principais malas herbas do millo, incluíndo aquelas que teñen unha nacemento graduada. Presenta unha excelente tolerancia polo cultivo, sendo totalmente seguro para o mesmo.

DOSE: 3-4 l/ha.

PRIMEXTRA LIQUIDO GOLD

31,25 % S-Metolacloro + 18,75 % Terbutilazina

SE

Nº 22.199

PS: NP.

Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe. En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

DOSE: 3,5 - 4 l/ha en preemerxencia e 3,5 l/ha en postemerxencia.

REGLONE

20 % Dicuat

SL

Nº 12.346

PS: 15 días.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de prelaboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5-4 l/ha segundo os cultivos.

SERRATE

20 % Clodinafop-propargil + 7,5 % Pyroxsulam

WG

Nº ES-00153

PS: NP.

Herbicida de postemerxencia para o control de bromo e outras malas herbas nos cultivos de trigo, centeo e triticales. SERRATE caracterízase por unha rápida absorción a través dos brotes e as follas das malas herbas. Os síntomas obsérvanse dunha a tres semanas despois da aplicación, dependendo das condicións ambientais e da herba tratada. Recoméndase o uso de SERRATE cun coadxuvante á súa dose recomendada.

DOSE: 0,25 kg/ha.

TERAFIT

25 % Flazasulfuron

WG

Nº 21.990

PS: NP.

Herbicida residual e de contacto para o control de malas herbas tanto gramíneas coma dicotiledóneas e ciperáceas, en cultivos de oliveiras, viña e cítricos. É un herbicida sistémico para aplicacións de preemerxencia e postemerxencia temperá con actividade residual e de contacto para o control de malas herbas de folla ancha e estreita, así como ciperáceas en cultivos establecidos. Absórbese polas follas e as raíces das malas herbas en crecemento activo e permite un control prolongado das malas herbas sensibles.

DOSE: 0,06-0,2 kg/ha segundo o cultivo.

TOUCHDOWN PREMIUM

36 % Glisofato (sal amónico)

SL

Nº 25.428

PS: 7 días en canais para facer recircular a auga; No tratamento dos ruedos de oliveiral, con oliva caída, respectar un prazo de seguridade de 14 días. NP demais cultivos.

Herbicida sistémico, non selectivo de postemerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de algodón, praderías, herbáceas extensivas e intensivas, cultivos leñosos, contornos de oliveira, forestais e arbustos non froiteiros, redes viarias e de servizo (camiños, cercas e lindeiros, marxes de canles e de cultivos, canles de risco etc.) e áreas non cultivadas (recinto industriais). Grazas á tecnoloxía Sistem 4, TOUCHDOWN PREMIUM actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacia ca con outros herbicidas sistémicos.

DOSE: 2-7,5 l/ha segundo o cultivo.

ZETROLA

NOVO

10 % Propaquizafop

EC

Nº 19.140

PS: 30 días Allos, Albaricoquero, Apionabo, Berenxena, Brócoli, Caqui, Cebola, Chalote, Chirivia, Coliflor, Colinabo, Espárrago, Froiteiras de pebida, Péxego, Nabo, Nectarino, Rábano, perexil de raíz, Repolo, Salsifies, Tomate, Vide de mesa, Vide de vinificación, Cenoria; 40 días Chicharo de raposo, Batata, Garabanzo verde, Chicharos para gran, Chicharos verdes, Fabas para gran, Xudías para gran, Xudías verdes, Lentellas, Pataca; Altramuz, garbanzo, tirabeque. 45 días Alfalfa, Cabaza, Leguminosas forrajeras, Melón, Remolacha azucreira, Remolacha forrajera, Sandía, Tabaco, Veza; 60 días Algodonero, Xirasol, Soia; 90 días Adormidera, Colza; NP Almendro, Arroz, Avellano, Castiñeiro, Cerdeira, Ciruelo, Cítricos, Nogueira, Oliveira, cítricos, Ornamentais herbáceas, Ornamentais leñosas, Piñeiro piñonero, Pistacho, Viveiros.

Un herbicida baseado na acción gramínicida do ingrediente activo Propaquizafop, selectivo para cultivos de folia ancha e tamén se pode usar para combater o arroz salvaxe nos arrozais. É capaz de controlar rápida e efectivamente todas as malas herbas máis comúns de folia estreita tanto anuais como perennes, axudando ao crecemento dos cultivos.

DOSE: 0,5-1 l/ha segundo o cultivo e praga a combater.

FITOREGULADORES

ABOFOL

24 % Nitróxeno (N) total baixo varias formas + 16 % Fósforo (P₂O₅) soluble + 12 % Potasio (K₂O) soluble. 0,02 % Boro (B) e 0,04 % Zinc (Zn) + quelados por EDTA-Na.

Sólido cristalino

Nº Rexistro de fertilizantes e afíns

PS: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

DOSE: 100-300 g/hl. Tamén pode aplicárselle á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ISABION

Complexo de aminoácidos

LS

Nº Rexistro de fertilizantes e afíns

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotoxicidades etc.

DOSE: 200-300 cc/100 l de auga (2-3 l/ha). Despois de xeadas, e en cultivos afectados, aumentar a dose a 400 cc/100 l de auga (4 l/ha).

O herbicida cheo de tecnoloxía

System 4
TECHNOLOGY



 **TouchdownPremium®**

syngenta.

Herbicida non selectivo de postemerxencia, de potente efecto sistémico que controla todas as malas herbas anuais e perennes, mesmo as máis difíciles



O TOURO BRAMADOR

Carregal (A Coruña)

Disque na lagoa de Reirís, en Carregal, mesmo o vento se detén a escoitar o arrepicante bramido que xorde da profundidade das súas augas. Disque é un touro que, enrabechado pola súa sorte, aínda porfía en saír da lagoa.

Todo encozou hai moitos, moitos anos, nos felices tempos en que un rei e a súa fermosa filla habitaban estas terras. Moraban nun fermoso palacio, arrodado de fértiles aldeas. Un xéldo inverno chegou un mouro ancián atecrido polo frío. A princesa apiadouse del e proporcionoulle comida e acubillo. Pero o mouro namorouse dela e pediulle ao rei a súa man. A princesa, apesurada, pregoulle ao seu pai que non a casase con el e o rei díxolle ao mouro que a voda era imposible, pois era vello, meigo e infiel.

O mouro, aldraxado e anoxado, lanzou unha maldición e a terra empezou a tremar. As casas esborrallábanse, as fontes alagaban os campos, os súbditos corrían espavorcidos. O rei e a súa filla, na súa fuxida, viron o mouro empoleirado no curuto dun penedo ríndose vilmente namentres contemplaba a ruína que provocara. O rei arremeteu contra el cunha lanza e o mouro, como non podía fuxir por ser ancián, transformouse nun enorme touro. O rei perseguiu e obri-gouno a somerxerse na vila aso-lagada, entrementes a princesa guindaba as súas xoias á auga e suplicáballes ás boas fadas:


“Pídivos acorro, que ese mouro traizoero e malvado non saia endexamais das ruínas e as augas que causou coa súa maldade e que pene para sempre no fondo da lagoa!”

Así se cumpriu. O mouro loitou por saír pero, canto máis tentaba fuxir da auga, máis se afundía. Os habitantes reconstruíron a vila ao redor da lagoa, e alí viven, vixilantes, escoitando o terrible bramido do touro e prontos a defender, se for mester, a felicidade da súa comarca.



A FESTA DO BOI

Allariz (Ourense)



Sucedeu o xoves de Corpus, o ano de 1317. Un grupo de xudeus que habitaba en Allariz congregouse, como todos os anos, nas rúas contiguas á igrexa para chufarse da procesión que os cristiáns respectuosamente lle ofrecían ao Santísimo. Ao paso da comitiva, os xudeus rían, gritaban, facían pantomimas burlescas e toda clase de excesos.

Os cristiáns, ofendidos e fartos, todos os anos decidían que iso non podía quedar así, pero que facer? Entón, un nobre allaricense, relixioso e fidalgo, coñecido como Xan de Arzúa, irrompeu contra aquela

multitude de irrespectuosos montado ao lombo dun robusto boi e cargou contra os xudeus, ao mesmo tempo que os seus criados os axitaban botándolles por encima a cinza e as formigas que levaban en sacos furados. O resultado foi proporcionarlles un memorable escarmento aos xudeus, gañar o seu respecto e fundar unha tradición que se repite e forma parte da tradición, aínda hoxe, desta ilustrada vila.



Valor dos ferrados galegos en metros cadrados

PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cerceda	639	Mugardos	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Muros	335
Abegondo	436	Cesuras	436	Muxía	424
Ames	639	Coiros	436	Narón	509
Aranga	436	Corcubión	424	Neda	509
Ares	548	Coristanco	524	Negreira	528
Arzúa	536	Culleredo	444	Noia	420
As Pontes	548	Dodro	420	Oleiros	444
Ateixo	444	Dumbria	424	Ordes	639
Bergondo	436	Enfesta	639	Oroso	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Ortigueira	444
Boimorto	536	Fisterra	424	Outes	396
Boiro	484	Frades	636	Oza dos Ríos	436
Boqueixón	639	Irixoa	436	Paderne	436
Brión	500	Laracha	524	Padrón	420
Cabana	524	Laxe	524	Pino	536
Camariñas	424	Lousame	420	Pobra do Caramiñal	484
Cambre	444	Malpica	524	Ponteceso	524
Capela	548	Mañón	548	Pontedeume	548
Carballo	524	Mazaricos	424	Porto do Son	480
Cariño	444	Melide	536	Rianxo	484
Carnota	400	Mesía	603	Ribeira	484
Carral	444	Miño	548	Roís	424
Cedeira	509	Moeche	509	Sada	436
Cee	436	Monfero	548		

PROVINCIA DA CORUÑA

Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Santiago	639	Toques	536	Vilamaior	548
Santiso	536	Tordoia	639	Vilasantar	536
Sobrado	536	Touro	536	Vimianzo	424
Somoza	509	Trazo	640	Zas	424
Sta. Comba	528	Val do Dubra	640		
Teixeiro	536	Valdoviño	509		

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 m². O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 m².

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 m².

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 m².

PROVINCIA DA LUGO

A Fonsagrada	507	Friol	436	Pantón	489
A Pastoriza	504	Guntín	436	Paradela	559
A Pobra de Brollón	465	Láncara	629	Páramo	559
A Pontenova	504	Lourenzá	638	Pedrafita	578
Abadín	504	Lugo	436	Pol	496
Alfoz	714	Meira	514	Portomarín	671
Antas de Ulla	604	Mondoñedo	612	Quiroga	465
As Nogais	621	Monforte	489	Rábade	436
Baleira	714	Monterroso	604	Ribadeo	612
Barreiros	714	Muras	548	Ribas do Sil	465
Becerreá	578	Navia de Suarna	650	Ribeira de Piquín	514
Begonte	525	Negueira de		Riotorto	504
Bóveda	489	Muñiz	507	Samos	559
Carballedo	629	Neira de Xusa	610	Sarria	629
Castro de Rei	629	O Corgo	436	Sober	484
Castroverde	496	O Incio	559	Taboada	604
Cervantes	553	O Saviñao	559	Trabada	638
Cervo	725	O Valadouro	714	Triacastela	430
Chantada	629	O Vicedo	548	Vilalba	546
Cospeito	525	Ourol	548	Viveiro	548
Courel (Folgoos)	436	Outeiro de Rei	436	Xermade	525
Foz	714	Palas de Rei	604	Xove	725

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Caniza	437	Gondomar	541	Pontevedra	629
A Estrada	629	Lalin	536	Portas	629
A Lama	217	Marín	472 ou 504	Redondela	69
Agolada	536	Meaño	629	Ribadumia	629
Arbo	437	Meis	629	Rodeiro	536
As Neves	629	Moaña	472	Salvaterra	437
Baiona	539	Mondariz	432	Sanxenxo	629
Bueu	472	Moraña	648	Silleda	536
Caldas de Reis	672	Mos	497	Soutomaior	64
Cambados	629	Nigrán	541	Tomiño	629
Campolameiro	629	O Covelo	264	Tui	497
Cangas	472	O Grove	629	Valga	629
Catoira	629	O Porriño	497	Vigo	541
Cerdedo	528	Oia	402	Vila de Cruces	536
Crecente	437	Pazos de Borbén	74	Vilaboa	629
Cuntis	629	Poio	629	Vilagarcía	545
Dozón	536	Pontearreas	437	Vilanova	
Forcarei	500	Pontecaldeas	629	de Arousa	672
Fornelos de Montes	74	Pontecesures	420	Vilaxoán	603
		Pontesampaio	629		

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7,37 m², e en Vigo 4,57 m².

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52,40 m². En Godos e Saíar 56 m². O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**.

Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 m² e en Lalin 22,34 m².

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 m².

Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 m²

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².
- Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².
- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.

• O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².

• En Valdeorras a **Maquía** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².

Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.
- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).
- **Cabazo**: son 20 litros.
- **Cuarta e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.
- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

Super KLERAT

RATICIDA PARA
ROEDORES COMENSAIS

¡Un só bocado basta!



UNHA SOLUCIÓN DE FÁBULA
PARA O CONTROL
DE RATAS E RATOS

syngenta.

Enderezos dos nosos colaboradores

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L.

(Ourense - Oeste)
agro-reza@mundo-r.com

R/ Reza nº 12 (Galerías Roma)
32003 - **OURENSE**
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553
Móbil: 692 642118 / 119

AGROVAL S.L.

(Pontevedra - Centro/Sur)
administracion@agrovalsl.com

As Gándaras de Prado s/n
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)
36475 - **O PORRIÑO** - Budiño
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

ALMACENES ROYAL S.L.

(A Coruña - Norte)
agricultura@almacenesroyal.com

R/ Fraga Iribarne nº 48
15300 - **BETANZOS**
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600
Móbil: 689 248630

ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.

(Asturias - Leste. Cantabria)
asagro@asagro.org

Polígono Silvota, parcela R 45
33192 - **LLANERA** (Asturias)
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764
Móbil: 608 473131

CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOS S.L.

(Pontevedra - Norte, Coruña - Sur)
p.cultivos@camponovo.es

Parque Empresarial A Sionlla
Rua da Comunidade Valenciana, 13
15707 **SANTIAGO DE COMPOSTELA**
Móbil: 606 990539

FITOAGRARIA S.L.

(Ourense - A Limia, Monterrei)
fitoagrarial@gmail.com

R/ Dous de Maio nº 57
32630 - **XINZO DE LIMIA**
Telf. e Fax: 988 462560 y 639 815999

HORTA LEMOS

(Lugo - Centro/Sur)
hortalemossl@gmail.com

Ctra. N-540 - Km 4,6
27210 - **SANTA EULALIA DE ESPERANTE**
Móbil: 600 078779

XARDINAGRO S.L.

(Lugo - Norte. Asturias - Oeste)
xardinagro@camponovo.es

R/ Linares Rivas nº 4
27760 - **VILANOVA DE LOURENZÁ**
Telf. e Fax: 982 121002
Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No **PORRIÑO**: A Relva s/n 36400 - O **PORRIÑO** (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855
En **MADRID**: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 **MADRID** Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta España S.A.U. Prohibese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta España S.A.U.

Xaque mate ás malas herbas



A xogada mestra para un
control temperán das malas
herbas do millo

 **Lumax**[®]

syngenta.



© 2018 Syngenta. Todos os dereitos reservados.
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto
antes de usalo.

2019

Calendario do Ano

Xaneiro							Febreiro							Marzo						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6					1	2	3					1	2	3
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	4	5	6	7	8	9	10
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	11	12	13	14	15	16	17
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	18	19	20	21	22	23	24
28	29	30	31				25	26	27	28				25	26	27	28	29	30	31

Abril							Maio							San Xoan						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7			1	2	3	4	5						1	2
8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9
15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16
22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23
29	30						27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30

Santiago							Agosto							Setembro						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4							1
8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8
15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22
29	30	31					26	27	28	29	30	31	²³ / ₃₀	24	25	26	27	28	29	

Outubro							Novembro							Nadal						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6					1	2	3							1
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	²³ / ₃₀	²⁴ / ₃₁	25	26	27	28	29	

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica